

MESA SECTORIAL DO 3 DE ABRIL DE 2025

## PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN: OPE e concurso de méritos

### Concurso de méritos de persoal de formación profesional

Hai unha sentenza que reconece que os servizos prestados en promoción interna temporal deben valorarse igual que os prestados polo persoal temporal, tal e como dicíamos desde CIG-Saúde cando se negociou a convocatoria do concurso de méritos.

CIG-Saúde solicitamos que a execución non supoña un prexuízo a terceiros, e que as persoas que xa foron seleccionadas NON se vexan afectadas.

A Administración confirma que esta sentenza vai implicar un **retraso na elección de destino** no persoal técnico e din que poderían aplicar a sentenza modificando a relación de persoas seleccionadas.

### Previsións de publicacións de OPE.

O SERGAS informa que o luns 7 publicarase no DOG:

- Convocatoria da elección de destino no resto de categorías de xestión e servizos.
- Baremación provisional da fase de concurso da OPE de médico/a de familia.

### OPE de estabilización de médico/a de HADO.

O SERGAS informa que se resolverá despois do concurso específico.

### OPE enfermeira/o especialista

Probablemente na semana do 21 de abril podería publicarse no DOG a convocatoria da elección de destinos das distintas categorías de enfermeira especialista.

**Cronograma OPE 10-11 Maio 2025.**  
**Servizo Galego de Saúde**  
**LUGAR DE CELEBRACIÓN: "Feira Internacional de Galicia ABANCA"**

DÍA	CATEGORÍA	QUENDA
<b>Sábado, 10 de Maio</b>	Técnico/a Superior en Anatomía Patolóxica e Citoloxía	Mañá
	Grupo de Xestión da Función Administrativa	
	Técnico/a Superior en Documentación Sanitaria	Tarde
	Grupo Auxiliar da Función Administrativa QDI	
<b>Domingo, 11 de Maio</b>	Técnico/a Superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico	Mañá
	Técnico/a Superior en Dietética	
	Grupo Técnico da Función Administrativa	Tarde